



## Universidade de Vigo

De seguido informámoslles dos acordos aprobados na sesión ordinaria da Xunta de Goberno celebrada o día 22 de febreiro de 1996 e que poden ser do seu interese:

\*\*A adhesión da Universidade de Vigo ós actos de condena e rexeite, así como presenta-la condolencia á familia, polo asasinato do Catedrático de Dereito da Universidade Complutense de Madrid, profesor Francisco Tomás y Valiente e repeti-los 5 minutos de silencio o vindeiro luns 26 de febreiro de 1996, ás 12 h.

\*\*Os seguintes puntos relativos ó Vicerrectorado de Profesorado:

\*Apróbase a transformación das seguintes prazas:

D03	573	Fernández Rodríguez, Aurea	de PP1 a TIT-UN(I)
D04	345	Martín Lucas, M <sup>a</sup> Belén	de PP1 a PP2
D20	515	Diéguez Quintas, José Luis	de PP1 a TIT-EU(I)
D22	065	Porto Arceo, Enrique	de TIT-UN T a TIT-UN P6

\*A concesión de permisos ós profesores D. Fernando Aguado Agelet, do 01.02.96 ó 31.05.96 e D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Luisa Castro Cerceda, do 01.02.96 ó 30.04.96.

\*\*O nomeamento de Doutores Honoris Causa de D. Xosé Filgueira Valverde, a proposta da Facultade de Humanidades de Vigo, e de D. Gregorio Peces Barba, a proposta da Facultade de Dereito de Ourense.

\*\*Que o Xerente da Universidade de Vigo negocie co Comité de Empresa para arranza-lo problema da "Extensión dos efectos económicos derivados da aprobación da RPT (Relación de Postos de Traballo do Persoal Funcionario de Administración e Servicios) ó persoal laboral en postos de administración dende o día 01.01.95".

\*\*A Normativa de Cursos complementarios (anexo I).

\*\*A convocatoria de axudas para actividades de "Dinamización cultural" (anexo II).

\*\*A sinatura de convenios coas Universidades de Deusto, Politécnica de Cataluña e Politécnica de Madrid, baseándose no Acordo-marco de colaboración aprobado pola Xunta de Goberno do 22.12.95.

\*\*A modificación das datas de Convalidacións:

1º.- Solicitudes presentadas antes do 15 de outubro, resolveranse antes do 15 de novembro.

2º.- Solicitudes presentadas antes do 15 de marzo, resolveranse antes do 15 de abril.

**\*\*A supresión dos sábados como día de Rexistro na Universidade de Vigo, polo que tódalas convocatorias desta nas que o prazo de presentación de documentos finalice un sábado, pasará ó seguinte día hábil.**

Vigo, 26 de febreiro de 1996

O Secretario xeral,

Xosé Luís Legido Soto

**EQUIPO RECTORAL  
ILMOS./AS DECANOS/AS-DIRECTORES/AS DE TÓDOLOS CENTROS  
ILMOS./AS DIRECTORES DE TÓDOLOS DEPARTAMENTOS  
SRES./SRAS XEFES DE SERVICIO  
SRES./SRAS. XEFES/AS DE ADMINISTRACIÓN DE TÓDOLOS CENTROS  
DELEGACIÓN DE ALUMNOS/AS  
XUNTA DE PERSOAL FUNCIONARIO/COMITÉ DE EMPRESA**

*\*PREGÁMOSLLE DEA A MÁXIMA DIFUSIÓN A ESTA INFORMACIÓN*